



Prazas 2020-2021


A Comisión Central de Emprego alcanzou este martes un acordo sobre as bases das convocatorias de prazas correspondentes ós anos 2020 e 2021. Para que entre en vigor, ten que ratificalo o comité intercentros.

Nunha primeira análise, destacan algúns aspectos:

- 1) Mantense a **subcontratación** de parte do proceso.
- 2) Mantense un alto grao de **subxectividade**. Aínda que por unha banda desaparece a entrevista co psicólogo nas prazas de operarios-empregados, por outra se introduce o psicotécnico nas prazas universitarias.
- 3) E algo máis grave aínda: na acta da reunión da Comisión se acepta que para determinadas prazas de **empregados** haxa unha **entrevista persoal**. É dicir, no canto de camiñar cara a aplicar nas prazas universitarias as probas **obxectivas** que durante décadas se aplicaron nas prazas de operarios-empregados, se avanza no contrario: na aplicación en

operarios-empregados das probas **subxectivas** que sempre caracterizaron os ingresos de técnicos superiores.

CCOO e UGT deberían explicar por que lle fan esta concesión á empresa, pero é doado intuilo: intercambio de cromos. É o problema dos sindicatos clientelistas: como dependen da empresa para que lles dea algo que repartir, empezan por non enfrontarse a ela e acaban sendo o seu apéndice.



- 4) A antigüidade dos títulos para presentarse ás prazas júnior se limita a **12 anos**. A que vén este cambio de regras no medio do partido? Hai moita xente que leva moitos meses esforzándose en prepararse para as convocatorias pendentes. Isto lles causará un prexuízo irreparable.

- 5) Aumenta o escurantismo: nas listas xa non se publicarán as iniciais de nome e apelidos, senón só o DNI. E teñen a cara dura de dicir que é en nome da transparencia!

Como no caso de calquera outro tipo de acordo, debe haber un proceso de información e debate previo que culmine nunha asemblea xeral que decida sobre se este acordo debe ser ratificado polo intercentros ou non.

Operarios-empregados sénior 2019

Continúa a nova análise das inscricións nestas prazas. Esta semana revisouse Axustador-montador.

Volveu a poñerse de manifesto que hai un problema **grave** coas profesións que figuran nas bases. De feito, a porcentaxe de **non admitidos** das cinco profesións xa peneiradas subeu ó **83,2%**.

A seguinte profesión será Electricista, prevista para a semana que vén, trala cal só quedará Administrativo, a máis numerosa de todas (máis de 600 persoas inscritas).

Teletraballo

A algúns compañeir@s estáselles esixindo o retorno ó traballo presencial o vindeiro martes, 1 de xuño. A empresa alega que o acordo do teletraballo remata o día 31. Pero o Ministerio de Traballo di outra cousa.



MOBILIZACIÓN ESTATAL DE PENSIONISTAS

NON • AO PACTO DE TOLEDO
• AOS SEUS RECORTES E PRIVATIZACIÓNS

29 DE MAIO

Ferrol
Concentración no Cantón ás 12:00 h

POR UNHAS PENSÍONS PÚBLICAS DIGNAS

MODEPEN Movemento Galego pola Defensa das Pensións e os Servizos Públicos
PLATAFORMA DE FERROLTERRA EN DEFENSA DAS PENSÍONS PÚBLICAS

A **CGT** confederal preguntou sobre o tema. A resposta do Ministerio, a través da responsable da Dirección Xeral de Traballo, foi que "a partir do 9 de maio de 2021, considérase que o réxime transitorio especial seguirá sendo de aplicación ó teletraballo implantado excepcionalmente pola covid-19, sempre e cando se manteña a aplicación das medidas de contención sanitaria derivadas da covid-19 sobre o ámbito territorial onde debe desenvolverse a actividade laboral de carácter presencial".

¿Segue habendo medidas de contención sanitaria derivadas da covid-19? Si. Pois a preferencia do teletraballo sobre o traballo presencial segue vixente.

Pero á marxe de consideracións legais: ¿está a covid superada? **NON**. ¿Terá cara a empresa para afirmar o contrario cando o **director** da nosa factoría está agora mesmo **confiado**? Gañas seguro que non lles faltan. Incluso sen a razón **legal** do noso lado, a razón **sindical** leva a esixirlle á empresa que o teletraballo non remate o 31 de maio.

Esperemos que a comisión de Produtividade do comité, que é a que argalla neste tema, cumpra esta vez a súa función de defender ós traballadores, en vez de poñerse do lado da empresa, como ten feito en ocasións anteriores. Sexa como sexa, o comité debe **informar** ós traballador@s sobre como está toda esta cuestión.

Máis violacións do convenio

¿Non tiñamos suficientes exemplos da violación do convenio por parte da empresa? Pois aí vai máis un.

Os contratos dos compañeir@s de novo ingreso conteñen unha cláusula que lles obriga a aceptar a **mobilidade xeográfica** por **tempo indefinido** a calquera lugar do **mundo**: "O/A contratado/a acepta trasladarse polo tempo que a empresa dispoña a calquera dos centros de traballo ou a outro lugar onde Navantia realice eventualmente o seu cometido".

Esta cláusula representa unha violación flagrante do artigo 13 do convenio, que limita a mobilidade xeográfica obrigatoria a centros da **mesma** zona xeográfica. O abuso é dobremente grave porque vai dirixido contra traballador@s con contrato **eventual**.

A opinión da asesoría xurídica da **CGT** é que a cláusula **non** ten valor legal. En calquera caso, revela cales son as auténticas intencións da dirección, por máis que pretendan disimularlas con declaracións de amor por parte de RRHH: espremer ós novos ingresos sen piedade.

O timo do rescate bancario

¿Lembrades o rescate bancario de 2008, ese que Rajoy e os seus secuaces do PP cansaron de dicir que non ía custar un euro ó erario público?

Pois os datos din todo o contrario. A cousa vai así, polo de agora:

Rescate bancario: 42.561 millóns.

Furado económico da SAREB (o "banco malo"): 9.704 millóns xa certificados; espérase que aumente nun mínimo de 10.000 millóns máis nos vindeiros anos.

Impagos de avais do Estado: 35.000 millóns.

O de sempre: **privatización dos beneficios** e **socialización das perdas**, un **roubo** descarado ós traballador@s, que somos os únicos que pagamos impostos neste país.

Toda a leria sobre o "emprendimento" e a suposta superioridade da iniciativa privada respecto á empresa pública é a maior mentira do discurso ideolóxico da dereita e a patronal.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org
Séguenos e comparte info nas RRSS:

